


Contabilidade trimestral. Segundo trimestre de 2007 COMUNICADO

O PIB da economía galega creceu un 4,3% no segundo trimestre de 2007.


O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo rexistra un crecemento interanual do 3,2%.

O Produto interior bruto xerado pola economía galega no segundo trimestre de 2007 rexistrou un crecemento do 4,3% con respecto ao mesmo período do ano anterior, medido en termos de índices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este crecemento é superior en unha décima ao rexistrado no trimestre anterior.



Fonte: IGE. Contabilidade trimestral.

A demanda en termos nacionais contribúe con 6,1 puntos ao crecemento do PIB e, polo tanto, a achega da demanda externa neta é de -1,8 puntos porcentuais. Con respecto ás achegas do primeiro trimestre de 2007 a primeira desacelérase seis décimas e, tendo en conta o crecemento superior do PIB no segundo trimestre, a segunda diminúe sete décimas.



Fonte: IGE. Contabilidade trimestral.

O gasto en consumo final dos fogares creceu un 4,5%, unha décima inferior ao crecemento que experimentou no primeiro trimestre. Os indicadores de consumo presentan xa no segundo trimestre síntomas de esgotamento no seu crecemento, así o índice de vendas de comercio polo miúdo deflactado e corrixido de efecto calendario, as matriculacións de turismos e as importacións de bens de consumo en termos reais tamén presentan un menor crecemento que no trimestre precedente. Polo contrario as rendas do traballo non parecen contraer o seu crecemento, o indicador de renda salarial real presenta unha taxa de crecemento lixeiramente superior ao trimestre precedente, debido a que o menor crecemento da afiliación asalariada é compensado pola redución no crecemento dos prezos de bens de consumo e o leve aumento dos incrementos salariais pactados.

Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2006				2007	
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	3,1	2,8	3,9	4,2	4,7	4,6
-Gasto en consumo final dos fogares	3,1	2,7	3,8	4,1	4,6	4,5
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	3,2	3,2	4,4	4,7	5,1	4,9
Formación bruta de capital	4,8	4,9	4,6	6,9	8,4	7,0
Demanda en termos nacionais ⁽¹⁾	4,2	4,0	4,7	5,8	6,7	6,1
Exportacións de bens e servizos	10,6	8,5	2,5	5,8	6,0	4,2
Importacións de bens e servizos	6,1	6,2	6,0	7,0	8,0	6,6
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	3,9	4,1	4,1	4,3	4,2	4,3

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

⁽¹⁾ Achega ó crecemento do PIB pm.

O gasto en consumo final das Administracións Públicas e Institucións sen fins de lucro creceu un 4,9%, dúas décimas menos que no trimestre anterior.

A Formación bruta de capital creceu un 7,0%, 1,4 puntos menos que no trimestre anterior. O investimento en construción é o que está mantendo as altas taxas de crecemento deste apartado; outros indicadores como a matriculación de vehículos de carga e as importacións de bens de equipo en termos reais acadan neste segundo trimestre crecementos inferiores aos rexistrados no primeiro.

Como xa se comentou anteriormente, a achega da demanda externa neta reduciuse sete décimas con respecto á achega do trimestre anterior. As exportacións creceron un 4,2% no segundo trimestre, 1,8 puntos menos que no trimestre anterior. Pola súa parte, as importacións creceron un 6,6%, o que supón unha redución de 1,4 puntos sobre o crecemento do trimestre anterior.

Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2006				2007	
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Ramas agraria e pesqueira	5,8	1,5	-1,5	2,3	-2,3	-0,8
Ramas enerxéticas	4,9	5,7	1,6	2,4	-0,1	-0,9
Ramas industriais	6,1	5,7	1,0	6,4	5,1	4,3
Construción	4,2	4,1	4,9	3,8	4,8	5,4
Ramas dos servizos	3,8	3,7	4,3	3,9	4,0	4,3
- Servizos de mercado	3,9	4,2	4,2	3,9	4,3	4,1
- Servizos non de mercado	3,6	2,0	4,7	4,0	2,8	5,3
Impostos netos sobre os produtos	0,9	4,0	7,8	5,5	6,8	5,8
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	3,9	4,1	4,1	4,3	4,2	4,3

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Dende a perspectiva da oferta, as ramas da construción e dos servizos son as que presentan un mellor comportamento.

As ramas agraria e pesqueira diminuíron un 0,8% no segundo trimestre de 2007. Tanto as ramas de produtos industriais como as de produtos enerxéticos desaceléransse 0,8 puntos, acadando un crecemento interanual do 4,3 e do -0,9% respectivamente. Este comportamento está de acordo co experimentado polo Índice de produción industrial.

O sector da construción acadou unha taxa de crecemento interanual do 5,4%, superior en seis décimas ao crecemento rexistrado no primeiro trimestre de 2007. Este crecemento susténtase no maior crecemento que presentan a edificación residencial, a non residencial e a licitación oficial en obra civil. A edificación residencial presenta crecementos superiores ao 10% e a edificación non residencial e a licitación oficial en obra civil acadan, neste segundo trimestre, unha taxa de crecemento positiva logo de catro trimestres de taxas negativas.

13 de setembro de 2007

Por último, o sector dos servizos presenta un crecemento do 4,3%, tres décimas superior ao crecemento do trimestre precedente. Os servizos de mercado acadan un crecemento inferior en dúas décimas ao rexistrado no primeiro trimestre, quedando situada a taxa no 4,1%. O peor comportamento do comercio e os servizos a empresas poden explicar este retroceso xa que os indicadores de transporte evolucionaron favorablemente no segundo trimestre. Os servizos non de mercado creceron un 5,3%.

O PIB a prezos correntes presenta un crecemento do 7,1%, o que implica un crecemento do deflactor implícito do 2,7%, superior en unha décima ao crecemento rexistrado polo mesmo no trimestre anterior.

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, rexistra no segundo trimestre de 2007 un crecemento interanual do 3,4%, unha décima máis que o estimado para o trimestre anterior. Esta taxa supón a creación de 38.400 postos de traballo equivalentes a tempo completo nun ano.

O rasgo máis significativo desta evolución é o dinamismo da creación de emprego nas ramas industriais e na construción, que compensa a contracción de emprego das ramas agraria e pesqueira e enerxética.

Distinguindo por situación profesional o emprego asalariado amosou un maior dinamismo, acadando neste trimestre unha taxa de variación interanual do 4,1%, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo. O que supón a creación de 36.497 postos de traballo asalariados a tempo completo.

De esta maneira, considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 1,0%, igual á cifra acadada no trimestre anterior.



Emprego por ramas de actividade. Postos de traballo equivalentes a tempo completo

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2006				2007	
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO TOTAL	3,1	2,7	3,0	3,4	3,3	3,4
Ramas agraria e pesqueira	-6,3	-4,3	-4,3	0,1	-3,4	-1,4
Ramas enerxéticas	-2,3	-2,9	-2,6	-2,3	-7,4	-7,1
Ramas industriais	1,7	1,6	1,6	1,8	3,7	4,0
Construción	4,7	4,4	5,4	5,0	5,6	5,2
Ramas dos servizos	5,1	4,0	4,2	4,1	4,1	3,9
- Servizos de mercado	5,7	4,8	4,9	4,6	4,8	4,4
- Servizos non de mercado	3,8	2,2	2,8	3,1	2,5	2,8
POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO ASALARIADO	3,9	3,2	3,8	3,7	4,0	4,1
Ramas agraria e pesqueira	0,0	2,3	6,6	2,3	-0,1	1,8
Ramas enerxéticas	-2,1	-2,7	-2,5	-2,3	-7,8	-7,5
Ramas industriais	1,6	1,6	1,7	1,9	3,5	4,0
Construción	4,8	4,0	4,7	4,6	5,6	5,3
Ramas dos servizos	4,6	3,7	4,1	4,2	4,3	4,2
- Servizos de mercado	5,2	4,6	4,9	4,8	5,3	5,1
- Servizos non de mercado	3,8	2,2	2,8	3,1	2,5	2,8

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>
e-mail: ige@ige.es